



COMUNICADO SOBRE O XENOCIDIO EN GAZA

Dende o Grupo de Traballo de Infancia e Xuventude da Fundación Congreso Catalán de Saúde Mental (FCCSM), erguemos a nosa voz para denunciar as atrocidades que sofre a poboación palestina, e moi especialmente os nenos e adolescentes.

Facemos un chamado urxente á solidariedade de todos e reclamamos que se deteña inmediatamente o xenocidio que o Goberno de Israel está perpetrando contra o pobo palestino. Denunciamos con especial contundencia a barbarie inflixida a nenas, nenos e mozos, cidadáns de pleno dereito e parte dun futuro que se lles está arrebatando.

Sabemos por experiencia que os traumas vividos polos sobreviventes deixarán profundas secuelas na súa subxectividade, nos vínculos sociais e na confianza no respecto aos dereitos humanos, que tamén son dereitos da infancia.

Ben claro o dixo Jorge Drexler: "Non hai 'Teus' nin 'Seus' nin 'Meus'. Si son nenos, son nosos. Tódolos nenos son nosos."

Recordamos tamén a figura do Dr. Janusz Korczak, grande defensor da infancia no gueto de Varsovia.

É imprescindible que se respeten os dereitos recoñecidos na Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno (1989), adoptada por case tódolos estados do mundo, incluído o Estado de Israel.

Esiximos que esta Convención sexa aplicada de xeito real e incuestionable, e pedimos unha actuación clara e contundente do Estado Español e da comunidade internacional para rematar con esta barbarie e a súa impunidade.

Grupo de Traballo de Infancia e Xuventude

Fundación Congreso Catalán de Saúde Mental (FCCSM)

Barcelona, outubro de 2025

Adhesións:

Reenviade este comunicado entre os vosos contactos e compartamos, así, este compromiso